

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE AGOSTO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e sete de agosto do dous mil vinte, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente convocada para dito día ás dezanove horas e trinta minutos, dando comezo ás dezanove horas e trinta minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Non asisten os concelleiros D. José Manuel Mougán Sobredo, D. Roberto Eireos Saez e D. Manuel Rodríguez Martínez.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1º.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 11 DA ORDENAZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo mixto) e dúas abstencións dos concelleiros/as do grupo

municipal do PP e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

Asunto: Modificación da denominación do punto de acceso á Sede Electrónica municipal

Visto o informe emitido polo responsable de informática do Concello de data 18.08.2020 que sinala:

“Antecedentes

O certificado de seguridade da sede electrónica debe de ser renovado en datas próximas. Consultada a entidade emisora do certificado (AC Camerfirma), comunícanos que **o certificado debe de ter o mesmo nome que a sede á que identifica como segura.**

Na actualidade, o **artigo 11 da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA** di:

“Artigo 11. A Sede Electrónica do Concello de Monforte de Lemos

- 1. Establécese como sede electrónica xeral da Administración municipal o punto de acceso electrónico xeneral, **www.sede.monfortedelemos.es**. Nesta sede, porase a disposición da cidadanía a relación de servizos e o modo de acceso aos mesmos, debendo manterse coordinado cos restantes punto de acceso electrónico desta Administración e os seus Organismos Públicos, cara aos que existirá unha ligazón directa.”*

Traducción: Artículo 11. La Sede Electrónica del Ayuntamiento de Monforte de Lemos

- 1. Se establece como sede electrónica general de la Administración municipal el punto de acceso electrónico general, **www.sede.monfortedelemos.es**. En esta sede, se pondrá a disposición de la ciudadanía la relación de servicios y el modo de acceso a los mismos, debiendo mantenerse coordinado con los restantes puntos de acceso electrónico de esta Administración y os sus Organismos Públicos, cara a los que existirá un enlace directo.”*

Consideracións

1.- Sobre a denominación da sede

Se se solicitase agora mesmo a renovación do certificado de seguridade, este sería emitido co nome “**www.sede.monfortedelemos.es**”. Aínda non supondo un problema operativo, considérase pouco adecuado que o nome dun certificado teña tanto parecido a unha dirección web.

*Pleno da Corporación
Sesión extraordinaria e urxente 27.08.2020*

Considérase por tanto adecuado **retirar da denominación do punto de acceso a expresión “www.”**, para que o nome do certificado de seguridade sexa “**sede.monfortedelemos.es**”.

2.- Sobre a redacción redundante do primeiro párrafo do artigo 11

Por outra parte, conséntase na redacción do mencionado artigo 11 a redundancia do termo “Xeral-Xeneral” (General), concretamente no párrafo que di:

*“... Establécese como sede **electrónica xeral** da Administración municipal o punto de acceso **electrónico xeneral**, **www.sede.monfortedelemos.es**. ...”*

*Traducción: “... Se establece como sede **electrónica general** de la Administración municipal el punto de acceso **electrónico general**, **www.sede.monfortedelemos.es**. ...”*

Considérase adecuado **eliminar a redundancia modificando a redacción do párrafo para eliminala**. No apartado de **PROPOSTA** se inclúe a redacción recomendada para o mesmo.

3.- Sobre a concordancia dos termos singular-plural na redacción

Por último, conséntase tamén a non concordancia dos termos singular-plural na redacción do mencionado artigo 11, concretamente no párrafo que di:

*“... debendo manterse coordinado **cos restantes punto de acceso electrónico** desta Administración e os seus Organismos Públicos...”*

*Traducción: “... debiendo mantenerse coordinado **con los restantes punto de acceso electrónico** de esta Administración y sus Organismos Públicos...”*

Considérase adecuado que a expresión “... **punto de acceso ...**” se exprese en plural para corresponder á expresión “... **los restantes ...**” que lle precede. No apartado de **PROPOSTA** se inclúe a redacción recomendada para o mesmo.

Repercusións da modificación

Infórmase que o cambio de denominación da Sede Electrónica e dos termos de redacción indicados **NON SUPÓN NINGÚN CAMBIO OPERATIVO, TÉCNICO NIN LEGAL** na estrutura que temos agora mesmo establecida e en funcionamento. Trátase simplemente de cambiar a denominación.”

Polo que antecede, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

A aprobación inicial da modificación da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA de forma que o **artigo 11** da mesma quede redactado como segue:

“Artigo 11. A Sede Electrónica do Concello de Monforte de Lemos

*Pleno da Corporación
Sesión extraordinaria e urxente 27.08.2020*

1. Establécese como sede electrónica xeral da Administración municipal o punto de acceso electrónico **sede.monfortedelemos.es**. Nesta sede, porase a disposición da cidadanía a relación de servizos e o modo de acceso aos mesmos, debendo manterse coordinado cos restantes puntos de acceso electrónico desta Administración e os seus Organismos Públicos, cara aos que existirá unha ligazón directa.”

Traducción: “Artículo 11. La Sede Electrónica del Ayuntamiento de Monforte de Lemos

1. Se establece como sede electrónica general de la Administración municipal el punto de acceso electrónico **sede.monfortedelemos.es**. En esta sede, se pondrá a disposición de la ciudadanía la relación de servicios y el modo de acceso a los mismos, debiendo mantenerse coordinado con los restantes puntos de acceso electrónico de esta Administración y sus Organismos Públicos, cara a los que existirá un enlace directo.”

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade a proposta da alcaldía, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

2º.-PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe da Secretaría Xeral de data 18 de agosto do 2020 que sinala:

“Antecedentes:

1.- Contrato de xestión de servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios no concello de Monforte de Lemos, de data 08.09.2010, que no súa cláusula quinta sinala:

Pleno da Corporación
Sesión extraordinaria e urxente 27.08.2020

“A duración do contrato será de dez anos, podendo prorrogarse por novos períodos de cinco anos ata en tres ocasións, cun máximo de vintecinco anos incluídas as prórrogas”.

“... En calquera caso a maquinaria deberá ser renovada e as instalacións revisadas e/ou remodeladas cada 10 anos”.

2.- *Prego de cláusulas administrativas para a contratación do servizo de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios no concello de Monforte de Lemos, anexo ao contrato, que no artigo 5º especifica:*

“A concesión outorgarase por un prazo máximo de dez anos, a partir da firma da acta de comezo de execución dos servizos, podendo ser prorrogado por novos períodos de 5 anos, ata nun máximo de tres ocasións, de común acordo entre as partes, as cales deberán notificarllo entre si cunha antelación mínima de seis meses ao seu vencemento. Na ausencia de pronunciamento por calquera das partes entenderase por finalizado o contrato ao vencemento do mesmo”.

3.- *Acta de inicio da prestación do servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios no concello de Monforte de Lemos, de data 08.09.2010, redactada nos seguintes termos:*

“O presente acto ten por finalidade asinar a acta de inicio da prestación do servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios no concello de Monforte de Lemos, de conformidade co disposto no artigo 5 do prego de cláusulas administrativas”

“... Xa que logo, a prestación do servizo comeza o día de hoxe, 8 de setembro de 2010 e remata o 7 de setembro de 2020, sen prexuízo da posibilidade de prórroga ...”

4.- *Informe do Responsable do contrato de 15.07.2020 (NRE 2020/15430) que sinala que, dende o punto de vista técnico, non se aprecia inconveniente para proceder á prórroga do contrato.*

5.- *Comunicación de FCC MEDIO AMBIENTE S.A, de data 03.03.2020 (NRE 2020/3790), manifestando o interese do contratista en facer efectivas as prórrogas do contrato. Esta comunicación foi complementada mediante escrito de data 03.08.2020 (NRE 2020/16387) no que amplía a súa oferta de servizos, e solicita unha prórroga de dez anos do contrato de servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos.*

6.- *Con data 07.08.2020 o Técnico de Contratación emite informe que nas súas conclusións establece:*

“Primeira.- *Dende o punto de vista xurídico non existe inconveniente en acordar a prórroga do contrato de xestión de servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios coa empresa FCC*

MEDIO AMBIENTE, S.A nos termos sinalados polo Prego de cláusulas administrativas, reitor da licitación.

Segunda.- *O acordo de prórroga deberá ser adoptado polo Pleno da Corporación."*

Fundamentos xurídicos:

1.- O artigo 254 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), establece que o contrato de xestión de servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente no prego de cláusulas administrativas particulares a súa duración e a das prórrogas de que poida ser obxecto, sen que poida exceder o prazo total, incluídas as prórrogas, de vinte e cinco anos nos contratos que comprendan a explotación dun servizo público non relacionado coa prestación de servizos sanitarios.

2.- O contrato asinado en data 08.09.2010, entre a mercantil FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A (hoxe FCC MEDIO AMBIENTE, S.A) e o Concello de Monforte de Lemos establece a duración inicial en dez anos, e a posibilidade de prórroga por períodos de cinco anos ata un máximo de vinte e cinco. Nada consta en contra da posibilidade de acordar simultaneamente dúas das posibles prórrogas, circunstancia que no presente caso se xustifica na renovación da maquinaria cuxo prazo de amortización é de dez anos.

3.-A competencia respecto dos contratos de xestión de servizos públicos, segundo a Disposición Adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) corresponde o Pleno da Corporación.

Conclusiones:

Por todo o que antecede, infórmase favorablemente a prórroga solicitada por FCC Medio Ambiente SA con base nos informes sinalados nos antecedentes do presente informe, nas condicións recollidas nos escritos de dita empresa de datas 03.03.2020 e 03.08.2020."

Polo que antecede, PROPONSE ao pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar a prórroga solicitada por FCC Medio Ambiente SA por dez anos coas melloras recollidas no seu escrito presentado con data 3.03.2020 e 03.08.2020."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que a prórroga do contrato da

recollida de lixo despois de ver os informes e de ler a propia proposta di que hai que valorar positivamente as melloras que se traen. Di que é sabido que eles optaban por este servizo de recollida de lixo de cubeo, aínda que eran conscientes que había cousas que mellorar. Fala do contrato do lixo e o contrato que se fixera a Aqualia no seu tempo, fala das diferencias que son palpables. Valora positivamente as melloras e cre que algunhas poderían comentarse, limpeza de contedores que se vai mellorar, renovación de maquinaria, había dúas cousas que eran as periferias de Monforte onde concorren varios negocios de establecementos, o servizo non é acorde co que se está a pagar, cunha falla de contedores incluso a recollida de lixo. Sinala que cren que habería que incidir en pensar aquela implantación da compostaxe comunitaria. Aмосa o seu voto favorable.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que esta de acordo coa recollida de lixo, nos termos nos que está redactado. Di que en setembro de 2010 non existía como partido político, di que a concesionaria traballou moito no sector do comercio e hostalería, e foron moitas as xuntanzas cos responsables para chegar a un intento coa hostalería. Di que se ten unha cidade máis limpa co sistema de cubeo. Di que lle chama a atención do cambio de pensamento do Sr. Tomé., chegou a dicir que se vostede fose alcalde cambiaría o sistema, dez anos despois vostede dase conta que é unha cousa moi boa para Monforte, felicita ao Sr. Alcalde polo cambio e di que este é un dos mellores servizos do concellos.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que o seu grupo foi sempre un pouco negativo co sistema de cubeo, fala dos momentos nos que se están vivindo esixir outro tipo de cousas, prescindir do cubeo, outro tipo de intensidade da limpeza, iso sen prescindir dos empregados polo cambio de contrato. Di que cren que non se poden hipotecar por dez anos, a compra de maquinaria está no contrato orixinal. Dadas as circunstancias hai unha gran incertidume, é un pouco arriscado hipotecarse en dez anos, por iso o sentido do voto será a abstención.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai melloras substanciais co que había, as melloras superan o medio millón de euros ao que había. Se vai vostede desgranando e ve a documentación que se acordou con eles se mellorou noutros aspectos, barrido diario, servizo de lavado de contedores que se duplica, servizos de domingos e festivos, un montón de servizos que se melloraron ou se incrementaron. Polo tanto, é un tema importante, en relación coa compostaxe comunitaria di que a Unión Europea está a punto de esixir un novo contedor orgánico exclusivamente, haberá que esperar como se articula iso. Di que eles sempre que se poidan mellorar os contedores farase. En relación co que dicía o Sr. Germán di que foi unha das partes máis importantes á hora de dicidir a prórroga, xa que se necesita moita máis man de obra. O mantemento do emprego, en algúns casos vai aumentar o emprego. En relación co cambio de opinión en política, todo non é certo, o Partido Socialista nunca dixo que non ao cubeo, o que si dixo que non

porque naquel momento había un aumento e coste, so na recollida de 300.000,00 euros no ano 2010, a crítica era esa non era polo servizo. Dille a D^a Katherinie Varela, que se teñen a posibilidade de renovar fagamos no período de prórroga para que compren a maquinaria nova.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que valora moi positivamente as melloras. Fala de 30.000,00 euros para unha campaña de concienciación, incidía moitísimo no tema da concienciación, as melloras son cousas que é probable digamos por bondade e por xestión política, incremento de contedores nas zonas que se precisan, hai dúas cousas puntuais adecuar no inverno os horarios da colocación dos cubos, iso non implica modificar o contrato, o do compostaxe comunitaria descoñecía desa normativa europea que está en marcha, cousa que están facendo outros concellos gobernados por diferentes partidos políticos. Reitera o seu voto favorable.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría a proposta da alcaldía con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Socialista e D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto) e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular.

3º.-INICIO DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL DO CONTRATO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe do Técnico de Contratación de data 19 de agosto do 2020, que sinala:

ANTECEDENTES

- 1. Contrato do servizo público de xestión e explotación da piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais da Pinguela, asinado coa mercantil GRUPO PAZOS SALUD E OCIO S.A, en data 31.03.2011.*

2. *Escritura pública de cesión de contrato a favor de ALACER OCIO Y DEPORTE S.L, de data 10.06.2015.*
3. *Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 11.03.2020, polo que se decide facer executiva a intervención do servizo de XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA, ante as graves perturbacións do servizo ocasionadas pola xestión empresarial que leva a cabo o contratista.*
4. *Informe do Técnico Municipal de Deportes e responsable do contrato, de data 19.08.2020, en relación ao contido e conclusión dos estudos de diagnóstico e auditoría da Piscina Climatizada Municipal que o Concello de Monforte encargou á empresa Quality Option S.L., no que constan as deficientes condicións de mantemento e conservación das instalacións por parte da empresa concesionaria.*
5. *Informe de Intervención de data 19.08.2020 que, en resume, establece a procedencia, dende o punto de vista económico, de iniciar expediente de resolución contractual.*
6. *Informe da Unidade de Contratación relativo á posibilidade de resolución do contrato en base aos incumprimentos detectados na obriga do contratista en canto ao mantemento e conservación dos bens integrantes da instalación.*
7. *Informe de Secretaría sobre o procedemento a seguir.*

NORMATIVA APLICABLE

1. *Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público.*
2. *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 outubro.*
3. *Real Decreto 1908/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
4. *Contrato de xestión do servizo público de 31.03.2011 e pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas incorporados ao mesmo.*
5. *Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, singularmente os artigos 133 a 137.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. *O contrato de xestión do servizo público da piscina asinouse o 31 de marzo de 2011, estando polo tanto sometido á regulación contida na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Con data 1.04.2014 asinouse a Acta de inicio da prestación do servizo.*

2. *En data 10.06.2015 autorizouse a cesión do contrato mediante unha novación subxectiva amparada pola cláusula 17 do PCAP a unha nova empresa, o que non modifica o réxime xurídico do mesmo dado que a modificación que na cesión se produce é exclusivamente de índole subxectivo. Polo tanto, o contrato encóntrase sometido á regulación legal establecida na citada Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e nos propios pregos de cláusulas administrativas e de condicións técnicas*
3. *Aos efectos da cuestión de fondo a que se refire o presente informe, comprénsase que a cláusula 19 do PCAP establece: Sen prexuízo do indicado na cláusula precedente, e ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 262 a 264 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.
A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 264 da LCSP. Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.*
4. *A este respecto, a cláusula 7 do Prego de Prescripcóns Técnicas establece que, entre outras, o contratista encargarse do mantemento integral do conxunto de bens integrantes da instalación, entendendo por tal o mantemento preventivo e correctivo ...*

CONCLUSIÓNS

A xuízo do técnico informante, a vista dos antecedentes e consideracións exposta, procede realizar as seguintes actuacións:

Primeira.- *Adoptar acordo de inicio de resolución do contrato de XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA, ante o evidente incumprimento polo contratista das obrigas de mantemento e conservación das instalacións, posto de manifesto nos estudos de diagnóstico e auditoría da Piscina Climatizada Municipal que o Concello de Monforte encargou á empresa Quality Option S.L.*

Segunda.- *Tramitar un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e*

presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

Terceira.- *A competencia para a adopción do acordo corresponderíalle ao Pleno da Corporación.”*

Polo que antecede, PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do presente ACORDO:

Primeira.- *Adoptar acordo de inicio de resolución do contrato de XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA, ante o evidente incumprimento polo contratista das obrigas de mantemento e conservación das instalacións, posto de manifesto nos estudos de diagnóstico e auditoría da Piscina Climatizada Municipal que o Concello de Monforte encargou á empresa Quality Option S.L.*

Segunda.- *Tramitar un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.*

Terceira.- *A competencia para a adopción do acordo corresponderíalle ao Pleno da Corporación.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que baseándose nos informes que lle pasaron, informes escuetos, gustaríalle ter un informe máis detallado, entenden que a empresa adxudicataria non cumpriu o contrato e se a iso se lle engaden as faltas que fixeron nos derradeiros anos, lle parece que non queda outra que rescindir o contrato. Di que eles sempre abogan por uns servizos públicos de calidade, di que eles van votar a favor deste inicio deste expediente., esperando que non haxa ningún problema para que se poda desaloxar esta empresa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que lle gustaría ter claro ese mal estado das instalacións que entenden polas queixas de moitos dos usuarios, é de toda a piscina , o de dentro e o de fóra. Entenden que é algo que pagaran os monfortinos. Di que debería haber un maior control por parte do concello. O outro tema era que o concello sexan o suficientemente duros con esta empresa concesionaria, porque en termos xerais foi como unha tomadura de pelo para todos, amosa o seu voto favorable.

Intervén D^a Katherinie Varela amosando o seu voto favorable da rescisión do contrato. Fala da falla de pago dos salarios dos empregados, di que lle pareceu ben a auditoría, tamén é verdade que se poden ver as deficiencias que hai, di que queren profundizar cos seus técnicos podan estudar se se pode facer unha reclamación de perdas económicas por esta falla de conservación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que precisamente porque lle parecía unha tomadura de pelo foi que interviron. Todo aquilo que se falaba con eles que dicían que ían facer, non o facían. Alegaban permanentemente unha disfunción económica. Di que se intentou que esta xente cumprirá se veu abonando unha cantidade polo IPC que non se había actualizado nos últimos anos, este último ano xa se ía en 50.000,00, pagando o que se pagaba o servizo era deficiente e o mantemento tampouco era axeitado, había un problema social que era que os traballadores non cobraban. Agradece a todos os traballadores do Concello o traballo que fixeron para chegar a intervención e especialmente ao Interventor que traballou moitísimo.

O prego para o novo contrato di que xa está máis ou menos traballado, con informes externos que se pediron.

Fala que a empresa empezou mal dende o principio, non se pode botar culpas a ningún goberno.

Fala de que no ano 2015 cando se traspasou o contrato de Pazos a Alacer, naquel momento era moi sinxelo criticar todo o que estaba pasando, non terán vostedes unha soa crítica, un día na radio o recoñeceu o anterior alcalde, polo tanto se aguantou ata onde se puido pero non se pode aguantar máis, evidentemente as instalacións hai que melloralas, pero xa se verá como se vai facer, a inversión vai ser importante, o que pasa é unha inversión que haberá que ver como se optimiza, serán dez anos, se se acomete con fondos municipais e se no prego vai que o faga a empresa. Todo iso está por decidir, aínda que xa está pensado.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que non sabe ata que ano habería que remontarse se dende o concello se rescindiu un contrato, o caso que é vai crear un precedente e haber se lle chega a outras empresas. Con respecto ao prego, en aras de aportar que cando este o borrador se xunten aos voceiros para poder aportar ou engadir algo cando chegue ao pleno sexa por unanimidade, sería algo interesante para facer.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que cando falan de que se teñen problemas no 2011 e no 2015, tampouco di que sexa tan positivo o tema que non lle reprochou vostede, estamos sempre falando de cartos públicos. Vostede acaba de dicir que van ser moitos casos nosos, di que non lle parece

que sexa nada malo, non ve nada positivo a ser tan elegante políticamente e despois demostrase que no 2019 moitísimos problemas e no 2020 xa estamos facendo o inicio de rescisión da concesión. Di que lle gustaría poder velo antes e analízalo. Ao final vanse quitar adiante o que queiran vostedes. Non é ningún tipo de reproche dicir as cousas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el non quixo dicir antes, pero vostede ten razón D. Emilio no Concello de Monforte é a primeira vez que se rescinde un contrato deste tipo, hai que atreverse, outros non se atreveron, non se quere meter con ninguén. E se chegara un momento que se virá que algunha cousa fose necesaria tamén asegura que irá polo mesmo camiño. En relación á xunta de voceiros di que non ten ningún problema, o que se compromete é a facer unha exposición de como se pretende facer, pero o texto pechado non, xa que pode circular e non pode ser desa maneira, pero unha vez que cando sexa o texto definitivo se coñeza.

Dille a D. Germán que na vida hai que ser elegantes, en política, en todo outra cousa é que se poida ser ou que se sepa ser, porque iso facilita a convivencia, dille que non renuncie a ser elegante incluso na crítica. Di que el opta sempre impere a elegancia. Agradece o apoio, e espera que se abra unha nova etapa na piscina municipal.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

4º.-BONIFICACIÓN DO ICIO Á FUNDACIÓN COLEXIO NUESTRA SEÑORA DE LA ANTIGUA.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“VISTO o Informe da Técnica de admón. Xeral e a Tesoureira que sinalan:

“ANTECEDENTES: Na data de 22.07.2020 (RE 15747) o Sr. Javier Agudo García (2088724W) en representación da FUNDACIÓN COLEGIO NUESTRA SEÑORA DE LA ANTIGUA expón que na data de 3.07.2020 recibiu notificación na que se lles concede autorización para as obras de renovación da iluminación da Pinacoteca do Colexio da Nosa Señora de la Antigua.

Que na devandita notificación aprobose unha liquidación polo concepto do imposto sobre construcións, instalacións e obras, de importe 582,20€.

Que na liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras non se tivo en conta a bonificación do 30% prevista no artigo 7 da Ordenanza fiscal reguladora do devandito imposto, para as obras realizadas dentro da delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

Na data de 19.05.2020 (RE 6697) o Sr. Javier Agudo García (2088724W) en representación da FUNDACIÓN COLEGIO NUESTRA SEÑORA DE LA ANTIGUA solicita licenza de obras para realizar o proxecto de iluminación interior da Pinacoteca do Colegio de Nuestra Señora de la Antigua.

Por acordo de Xunta de Goberno Local do día 29.06.2020 concedeuse a FUNDACIÓN COLEGIO NUESTRA SEÑORA DE LA ANTIGUA concesión de licenza para “Obras de renovación da iluminación da pinacoteca do Colexio Cardenal a instancia da Fundación Colexio Nuestra Señora de la Antigua representada por D. Javier Augodo García”.

Na data de 24.07.2020 a Directora da Oficina Municipal de Rehabilitación de Monforte de Lemos emite informe segundo o cal que a devandita obras está incluída dentro dos supostos no artigo 7.a da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, como susceptibles dunha bonificación do 30% da contía do imposto, por tratarse de obras de rehabilitación realizadas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS: *O artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota de imposto sobre construcións, instalacións e obras “de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

O artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, na que se establece que gozarán dunha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras polas obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer determinadas circunstancias.

No apartado a) régúlase a seguinte bonificación: 30% na cota de imposto polas

obras de rehabilitación realizadas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos

As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas.

O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente.

As devanditas bonificacións quedarán sen efectos por non cumprirse as condicións por razón das cales concedéronse as mesmas.

Que para a aplicación dunha bonificación do 30% da cota no imposto sobre construcións, instalacións e obras solicitada é necesaria a previa declaración da obra como de especial interese ou utilidade municipal, a cal é, en todo caso, competencia do Pleno da Corporación, requirindo o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

PROPONSE: DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE AS OBRAS referenciadas e ***CONCEDERLLES*** unha bonificación do 30% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras.”

Non se producen intervencións neste punto.

Sometido o asunto a votación apróbbase por unanimidade a proposta da alcaldía, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

5º.-DACIÓN DE CONTA DA ENTRADA EN VIGOR DO REGULAMENTO DE USO, RESERVA E ALUGUER DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

O Pleno queda informado da entrada en vigor do Regulamento de uso, reserva e aluguer de instalacións deportivas municipais.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,